

SECTOR PRIMARIO.

1. Contesta e analiza o gráfico.

a. Que proporcionan as actividades do sector primario?


Que actividades forman parte do sector?

b. Que porcentaxe da poboación activa mundial se dedica ao sector primario?
Que porcentaxe do PIB mundial supón?

c. Analiza as diferencias que se poden observar na gráfica entre os países desenvolvidos e os países en desenvolvemento?

d. Teran estos datos algunha relación ca produtividade? Explica

1. POBOACIÓN OCUPADA NO SECTOR PRIMARIO




e. Que porcentaxe do PIB pode supoñer este sector nos países en vías de desenvolvemento?
E nos desenvolvidos?

2. Interpreto o mapa.

a. Que analiza este mapa?

b. En que continente hai unha maior porcentaxe de poboación ocupada neste sector?
E o que menos?



c. Busca na redes ou na IA cales son os chamados “Países de poboamento recente” (en agricultura)?

Que porcentaxe de poboación ocupada no sector primario teñen estes países? Explica o por que?

3. Completa e contesta.

a. Completa a taboa.

Tipos de Explotación Agraria		
Segundo o Tamaño	Segundo a Actividade Dominante	Segundo o límite das parcelas

b. Realiza un pequeno esquema dos dous tipos principais de paisaxes agrarias.

c. Analiza as seguintes paisaxes agrarias (límites das parcelas, poboamento, área xeográfica).



4. Completa e contesta.

a.

Sistema de Cultivo		
Grao de aproveitamento		
Procedencia da Auga		
Variedade de Especies Cultivadas		

b. Define habitat disperso e hábitat concentrado.

5. Contesta.

a. Completa o cadro enumerando os principais trazos da agricultura de mercado e completa as palabras que faltan na explicación de cada trazo.

	Cultívase _____ en cada explotación, o que simplifica o traballo e o uso de maquinaria e mellora os rendementos.
	Permite _____ e realizar as tarefas en menos tempo e cun custo menor.
	Empréganse _____, sementes de elevado rendemento..., cultívase en _____ en terreos artificiais... A biotecnoloxía permitiron crear novas variedades de cultivos modificados xeneticamente, os chamados _____.
	Facilitan que os produtos cheguen a afastados mercados cun custo baixo. A agricultura de mercado require _____ debido ao uso de técnicas agrícolas modernas, pero os custos vense compensados co _____ (máis cantidade e a menor prezo).

b. Indica unha consecuencias positiva e outra negativas da agricultura de mercado.

c. Igualmente indica tamén todas as técnicas avanzadas agrícolas/de cultivo que coñeza (mapa de distribución da agricultura de mercado).

6. Contesta,

a. Enumera os catro tipos de agricultura das rexións en desenvolvemento indicando cales son tradicionais e cales de mercado.

b. Indica as principais características da agricultura de subsistencia.

c. Cal depende da inundación de extensas terras para producir arroz?

Cal aclara unha zona do bosque cortando e queimando árbores para usar a cinza como fertilizante?

Cal se caracteriza por estar en mans de multinacionais estranxeiras?

Cal leva a cabo o tradicional sistema de rotación de cultivos dinde o barbeito é necesario?

7. A agricultura de plantación.

a. Onde se práctica esta agricultura?

b. Indica un par de características da agricultura de plantación que che parezan positivas e outro par que penses que son negartivas.

c. Indica un par de ventaxas para os países en desenvolvemento.

d. Indica un par de efectos negativos.

8. Contesta.

- a. Que é a gandería?

- b. Que especies animais teñen unha cabana máis numerosa?

- c. Que problemas e polémicas rodean os novos sistemas de explotación gandeira.

- d. Que diferenza a gandería sedentaria, a nómade e a transhumante?

- e. E a gandería extensiva e a intensiva?

9. Define e contesta.

a. Definición:

- Pesca:

- Caladoiro:

- Acuicultura:

b. Completa.


Tipos de Pesca	
Tipos	Características

10. Contesta.

- Cal é o principal problema da pesca na actualidade? Explica.
- Que medidas tomaron os gobernos para unha explotación sustentable?
- Pode ser a acuicultura unha solución? Explica os pros e contras.
- Enumera as técnicas pesqueiras máis comúns?
Cal che parece máis agresiva co medio? E a máis selectiva? Explica.

11. Analiza

No seguinte mapa se poden observar as principais zonas cerealísticas do mundo e as masas forestais máis importantes.



Enumera e describe os tres tipos de agricultura cerealística e os dous tipos de masas forestais das que falamos.

SECTOR SECUNDARIO

1. Minería.

a. Que é un recurso?

b. A que da lugar a desigual distribución dos recursos? Explica.

c. Que é un xacemento?

E a minería?

d. Indica os tres principais problemas aos que se enfrenta a minería na actualidade.

2. Interpreta o mapa dos principais xacementos do mundo (páxina 1 do tema).

a. Pintar os países cos maiores xacementos minerais do mundo e pon o seu nome.

- Pinta de amarelo aqueles países con máis do 10% da produción mundial en 7 ou máis minerais e de verde os que teñen de 3 a 6.

- Indicar cun asterisco aqueles que teñen máis do 40 % do produción dalgún mineral.



b. Indica outros países que teñan unha importante riqueza mineral.

3. Fontes de enerxía.

Clasifica e explica as fontes de enerxía segundo os diferentes criterios. Pon un exemplo:

*Atendendo a súa duración.

*En función de onde se obteñen.

b. Indica dous países que sexan a vez produtores e consumidores de fontes de enerxía.

E so produtores?

E so consumidores?

4. Completa e contesta.

a. O petróleo é o _____ son _____ non renovables.

Orixináronse pola _____ de organismos vivos no (onde) _____ nun proceso que dura millóns de anos e que continúa hoxe en día.

O carbón formase a partir da descomposición de restos vexetais en (onde) _____.

A enerxía nuclear orixínase a partir dun proceso de _____ en que se desintegran átomos de _____.

A electricidade é a enerxía _____ máis utilizada.

b. Que é o crú?

Que derivados do petróleo coñeces?

c. Que países teñen as maiores reservas de petróleo?

E de gas?

Cales son as maiores consumidores? Pon un par de exemplos

d. Cales son os principais problemas que xeran os combustibles fósiles?

E a enerxía nuclear?

e. Cales son as principais vantaxes da electricidade?

E os inconvenientes?

5. Completa a táboa sobre enerxías renovables.

Enerxía	Fonte e proceso de obtención	Tipos de enerxías producidas	Países produtores e consumidores

6. Contesta.

a. Define industria:

b. Por que é a industria un indicador do desenvolvemento económico?

c. Que condicións deben cumprirse para falar de produción industrial?

d. Que tres tipos de industrias podemos diferenciar segundo o destino dos produtos. Explica as diferencias e pon un par de exemplo.

Tipo de Industria	Que fabrican?	Exemplo de industrias

7. Os trazos do sistema industrial actual.

a. Completa.

- O desenvolvemento de **novas** _____; fixo que hoxe en día, as empresas industriais teñan que destinar unha porcentaxe importante do seu capital á _____ . Só evolucionando poden manterse e ser competitivas.

- A industria tende a utilizar _____ para realizan as tarefas mecánicas. A produción industrial aumenta pero os _____ redúcese, aínda que **mellora a súa calidade**, xa que se precisan profesionais _____.

- Para mellorar a calidade dos produtos e ser máis competitivos, as industrias desenvolven _____ non relacionados directamente co proceso de fabricación. Son actividades como o _____... Fálase dunha _____

- A _____ consiste en **desprenderse dalgunha fase da produción ou dalgunha actividade da empresa**.

- Unha empresa pode, simplemente, _____ ou alcanzar _____ con outras **empresas especializadas**.

- Tamén pode **localizar as** _____ en **diferentes territorios**, aproveitando as vantaxes que ofrece cada un.

- Unha _____ é unha **grande empresa** que ten _____ ou establecementos **en moitos países**.

b. Enumera os principais factores de localización dunha empresa (polo menos 5).

8. Contesta.

a. Que é a deslocalización industrial. Que tres factores a fixeron posible?

b. Que dúas fases podemos distinguir? Explica.

c. Que aspectos positivos e negativos tivo nas economías desenvolvidas?

E nas economías en desenvolvemento?

d. Enumera as razóns polas que certas industrias están a volver aos países de orixe.

9. Contesta.

a. Indica un par de exemplos de potencias industriais tradicionais.

E un par de exemplos de novas potencias industriais?


Que son os dragóns asiáticos? Pon un exemplo.

b. Describe as características industriais de China, EEUU, Francia.

10. Interpreta o mapa.



11. Interpreta o mapa.



a. Indica os países que son autosuficientes para satisfacer as súas necesidades de enerxía e os que teñan unha maior dependencia das importacións.

* Destes indica un par de exemplos de países ou áreas que son autosuficientes a pesar de ser grandes consumidores.

* Indica dous países ou áreas que non son grandes produtores pero son autosuficientes porque consumen pouco.

b. Indica as dúas grandes áreas xeopolíticas que presentan países con dependencia enerxética (enumera varios países de cada unha desas áreas).

* Indica un par de exemplos de países ou áreas dependentes a pesar de ter un consumo baixo.

* Atopas algunha peculiaridade no caso Chino? Explica.

SECTOR TERCIARIO.

1. Contesta.

a. Que son os servizos?

E a terciarización?

b. En que se diferencian os servizos públicos dos privados? (quen os ofrece, cal é a súa finalidade, distribución). Pon un par de exemplos de cada tipo.

c. En que consiste a deslocalización dos servizos?

d. Indica as razóns polos que os servizos públicos son tan importantes.

Que é o Estado de benestar?

2. Interpreta o mapa.

Poboación ocupada no sector terciario.



a. Cales son as dúas zonas cun maior porcentaxe de poboación ocupada neste sector?
E as que menos?


b. Indica 5 países con máis do 75 % de poboación ocupada no sector servizos.

c. Indica outros 5 con menos do 25 % de poboación ocupada no sector servizos.

d. Existe unha relación entre o nivel de ingresos do país e ese porcentaxe? Explica.

Comparar eixes comerciais en dúas épocas

3. Compara.




Para comparar a evolución:

- **Interpreta cada mapa por separado:** que zonas concentran o comercio mundial, con quen realizan a maioría dos seus intercambios, cales son os principais fluxos interrexionais.
- **Analiza os cambios.** Explica a evolución das distintas rexións, dando razóns dos cambios máis sobresaíntes, se os hai.

FAINO ASÍ

- 6 Comenta a evolución dos eixes comerciais na primeira década do século XXI.

Contía do comercio de bens (En miles de millóns de \$)



Parte dos intercambios realizados
■ No interior da zona
■ Cara a outras rexións

4. Contesta.

a. Que é a OMC?

Cal é o seu obxectivo?

b. Indica a diferenza entre área de libre comercio e unión aduaneira e pon un exemplo de cada.

c. Cales son as tres grandes áreas comerciais tradicionais?

Que supuso a irrupción de China no comercio mundial?

5. Contesta e completa.

a. Que é o comercio?

b. Enumera os factores que influen na actividade comercial.

c. O _____ comprende as actividades comerciais que se realizan dentro das fronteiras dun país.

Normalmente, no circuíto comercial interveñen dous tipos de intermediarios comerciais:

Os comerciantes _____. Son comerciantes que venden directamente ao consumidor en cantidades pequenas.

Os _____. Son comerciantes ou empresas que compran grandes cantidades aos produtores para vendelas despois aos anteriores.

d. O _____ comprende as actividades comerciais que se realizan entre países.

As compras de produtos estranxeiros chámanse _____ e os produtos que se venden a outros países son as _____.

A diferenza entre elas reflíctese na _____.

6. Completa a taboa.

OS TRANSPORTES						
	Medios de transporte	Infra-estructuras	Tipos	Ventaxes	Problemas	Principais redes ou rutas
Transporte terrestre (Estrada e ferrocarril)						
Transporte naval						
Transporte aéreo						

7. Contesta.

a. Que é a rede de transportes?


Que forma esta rede?

b. Que características ten unha rede eficaz?

c. Explica que é unha infraestrutura internodal.

Que vantaxes aportan?

d. Indica o nome do tipo de rede de transporte



8. Observa os mapas.

Observa os mapas da densidade das diferentes redes de transporte: estradas e ferrocarriles, portos e aeroportos.

a. Cales son as tres zonas cunha maior densidade de medios de transporte?

b. Indica tres zonas cunha densidade baixa.

Terán algo que ver os factores físicos con esta baixa densidade? Explica.

c. Das tres zonas con alta densidade cal destaca en cada tipo de transporte? E cal ten unha densidade menor?

- Terrestre:

- Marítimos:

- Aéreos:

9. Contesta

a. Que é o turismo?

b. Indica un par de efectos positivos e outros dous negativos do turismo.

c. Que tres grandes tipos de turismo coñeces?

Indica e explica dous subtipos de cada un dos tipos.

d. Enumera as tres principais características dun turismo sostible.

e. Cales son as tres principais rexións turísticas do mundo?

Indica os principais destinos de cada unha desas tres rexións.

De onde proceden os turistas?

10. Fai un gráfico cos seguintes datos e resposta as preguntas.

DATOS DE EVOLUCIÓN DO TURISMO INTERNACIONAL

1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
528	561	586	602	626	675	675	695	684	755	795	839	894	913	877	935	1000	1050

a. Cal foi a tendencia do turismo desde 1995?

b. Que aconteceu no ano 2009?
A que crees que se debeu?

c. Como crees que sería a tendencia dende o 2012 ata a actualidade. Explica.

11. Contesta.

a. Que son os servizos financeiros?

Cal é a súa función principal?

Cales son as institucións financeiras?

b. Enumera e explica os dous tipos de medios de comunicación.

c. Que son as TIC?

Que cambios produciron?

12. Contesta.

a. Que tipos de servizos a empresas hai? Explica e pon exemplos.

b. Que son os servizos persoais?

Indica os principais e pon exemplos.

c. Que son os servizos sociais? De quen son responsabilidade?

A que persoas e colectivos se dirixe?

Cal é a súa finalidade?

Pon algúns exemplos de servizos sociais?